



A Presidencia, logo da solicitude formulada polos grupos parlamentarios de En Marea e do Bloque Nacionalista Galego, resolveu convocar a Deputación Permanente para o día 30 de agosto de 2018, ás 12:00, coa seguinte orde do día:

Punto único: Solicitude de convocatoria dunha sesión extraordinaria do Pleno

1.1 34706 (10/SCDP-000003)

Grupo Parlamentario de En Marea

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Solicitude convocatoria dunha reunión urxente da Deputación Permanente, para que se proceda á convocatoria dun Pleno extraordinario coa seguinte orde do día:

1. Comparecencia do presidente da Xunta para dar conta dos feitos, analizar as responsabilidades e as actuacións que deben levarse adiante de xeito inmediato após o sinistro do Marisquiño.
2. Creación dunha Comisión de investigación para determinar as causas e dirimir as responsabilidades políticas no accidente producido o pasado 12 de agosto durante a celebración do festival do Marisquiño en Vigo, así como, propoñer as actuacións necesarias para evitar que sinistros destas características poidan repetirse.
3. Comparecencia do conselleiro de Sanidade para que dea explicacións sobre a falta de reforzo do servizo de Urgencias do Hospital Álvaro Cunqueiro nas xornadas posteriores ao sinistro do Marisquiño

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2018

Presidencia do Parlamento

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente na data 27/08/2018 11:47:42